

Xela Arias\*

### Autopoética

Sábeme ti dicir desta sorte de soltos.  
Eu non sei máis.  
Nin moito máis me importa, non penses.

Compaxínome coa vida diaria e sei  
o preciso para estarabouzar por veces esta sida grotesca  
a nos manter tan homes e mulleres:  
Afectados.

Síndrome  
de sabérmonos sen tódalas defensas.  
Síndrome  
que traíamos adquirida e agora sumamos.

Síndrome, conta con iso, que en min alimento  
para buscar-me negra, si, negra, negra e afectada.

O resto,  
o resto, como un aire de taller.

---

(\*) Xela Arias Castaño naceu en Lugo o 4 de marzo de 1962. Na actualidade, vive en Vigo, onde realiza traballos de colaboración como *editor* en Edicións Xerais de Galicia, concretamente para as coleccións Xerais Universitaria e Biblioteca das Letras Galegas. Ademais, está a cursar os estudos de Filoloxía Hispánica.

Xela Arias levou a cabo moitos traballos de tradución, o último dos cales é a versión ó galego da novela de James Fenimore Cooper *The Last of the Mohicans -1826-* (*O derradeiro mohicano*).

Colabora habitualmente en revistas (*Festa da Palabra Silenciada*, *Luzes de Galiza*, *Dorna*, etc.). Ata o de agora, publicou dous poemarios: *Denuncia do equilibrio* (1986) e *Tigres coma cabalos* (1990).

## Independencia 1

Convoca a palabra e chama a distancia  
co eco ós retrasados.

Pregúntalles por que decidir inclúe acordar  
e resolverse,

por que só elixe quen é dono  
da fame e a opulencia que conte en  
tódolos poemas das patrias todas  
–acollidas ou rexeitadas–.

Convoca a palabra e sabe  
que escribe-la letra dos desterrados,  
que apostas entre os dedos dos satisfeitos.  
Independencia, dis,

só es unha area que está de máis  
na democracia telediaría desta escena.  
Así nos borran.

## Independencia 2

Independénciome para que eu saiba  
onde quero estar atada, onde  
as fronteiras ou a morte das fronteiras,  
onde  
a man espada levanta e anota  
media terra, media historia, media  
lingua desmedida que non usa  
máis có silencio da espera en media guerra.

## Norte do meu Sur

*En Túnez*

Mesmo no deserto

a rosa medra

–esa flor tremenda–.

Se non auga e brisa, area sobre area  
será en abrazos,

teimuda e sorprendente.

Disforme e ingobernable abrolla o pétalo e medra;  
disformes e ingobernables amoréanse eles:

Neste trozo do seu norte  
Africa Rebenta.

## *No Sahara*

Barréname fosfatos cunha sombra do meu aceno saharai.  
Como se laia esta area de rotas fantásticas sen rotas marcadas.  
Barrena a civilización da metralla e deixádeme  
afia-la daga enferruxada.  
É meu o ventre nocturno, area, a enorme marexada.  
Nin de man a man:  
Miña a terra, o aire da chilaba.

## Soldados

Porque bebes na fonte das dúbidas, sospeitas.  
Porque habíta-la esperanza, sancionas.  
Así sabes ti da elevada simetría das batallas.  
Así conviñas pola muda da historia.  
Que tal ve-la necesaria imposible inocencia dun minúsculo/  
poder calquera?  
Abrázome noutra revolución pendente.

Non vou ser soldado.  
Poño a man  
e cáenme milleiros de causas comúns polos dedos estirados.  
Non vou ser soldado.  
Sancióna-la mesquindade que os desexos tamén gardan?

Porque se línda-la utopía, atrévete agora e avanza.  
Tamén ti ocultas  
verdadeiros motivos en risas desencaixadas.  
Así que abrázate nesoutra revolución necesaria.

Sería-lo mellor soldado, e mais cantas veces  
mórrenche tódalas batallas.

Que me compartas se me falo de nada,  
que comigo me compartas finalmente entre as cortinas,  
que somos nos vasos e automóbiles un compárteme  
subliñado de pareceres.

Sospéitame como amámo-lo trastorno das nosas mans  
á procura de nada que vén tan enorme-  
mente importante ós nosos colos traballosos.

Sábenos  
amantes na urxencia do cámbiame  
de sitio o mundo que afirmamos.

Así podo eu araña-lo peito que conteño  
cos teus meus dedos.

Non hai, si que non hai  
idioma abondo.

Non hai idioma abondo para recoñecérmonos.

Pero ti e mais eu e nós,

se nos sabemos sabémonos  
desde os espacios en branco.